Todas estas actuacións son financiadas con cargo á partida 0305/432D/650, proxecto 2007 3 800103 1.”

9.-APROBAR A FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE PARROQUIAL DE VEDRA (ARXENTINA) PARA FINANCIAR REPARACIÓNS E MELLORAS NO SEU LOCAL SOCIAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Considerando que concorren circunstancias de interese provincial que xustifican a excepcionalidade para a formalización do convenio atendendo ao obxecto e finalidade da actividade que se ha realizar procede

APROBAR a formalización e o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE PARROQUIAL DE VEDRA – ARXENTINA, con CIF T000000024 para cofinanciar os gastos de instalación dun ascensor na súa sede social, cunha achega provincial de 16.279,00 € que representa unha porcentaxe de financiamento do 73 % considerando que o orzamento total ascende a 22.300,00 €, que se aboará de conformidade coa cláusula 6ª do texto do convenio, e con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232C/781, RC 220110001258 do 11/02/2011.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE PARROQUIAL DE VEDRA, DA REPÚBLICA ARXENTINA, PARA O COFINANCIAMENTO DA INSTALACIÓN DUN ASCENSOR NA SÚA SEDE SOCIAL

Na cidade de , de de dous mil once

REUNIDOS

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervéen neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Dª. Dora Pegito Quintás, que intervéen neste acto en nome e representación da *Sociedade Parroquial de Vedra*, cuxo domicilio social está na rúa José Mármol 760 - Bos Aires (Arxentina), actúa na súa calidade de presidenta e conforme coas competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra, organizados a través de asociacións de comunidades galegas que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os

galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á salvagarda da súa identidade cultural.

A *Sociedade Parroquial de Vedra* é unha institución privada sen fins de lucro, constituída en 1910, ao abeiro da lexislación da República Arxentina, que ten como finalidade o fomento da axuda recíproca entre os seus membros, outorgar subsidios e proporcionar servizos de asistencia sanitaria, etc., segundo o art. 2 dos seus estatutos.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior, acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, suxeito ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto da subvención nominativa é colaborar no financiamento da instalación dun ascensor para facilitar a todos os asociados e visitantes a accesibilidade ao salón de actos principal, situado na primeira planta do edificio da súa sede social, dende a planta baixa, segundo esixe o Código de Edificación da Cidade Autónoma de Bos Aires.

SEGUNDA: ORZAMENTO

O orzamento dos gastos aludidos no apartado anterior ascende a 121.577,84 pesos arxentinos, cuxo contravalor en euros é de 22.300 €, e ten o seguinte detalle:

CONCEPTO	TOTAL (pesos arxentinos)
Subministración dun ascensor	104.201,50
Demolición, albanelería, xesería e pintura	6.380,00
Electricidade	6.122,60
Solados	2.800,00
Espellos	718,74
Sistema contraincendios	1.355,00
TOTAL	121.577,84
TOTAL EN EUROS	22.300,00

TERCEIRA. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento dos citados investimentos cunha achega máxima equivalente a 16.279,00 € (DEZASEIS MIL DOUSCENTOS

SETENTA E NOVE EUROS), sobre un orzamento de 22.300,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 73 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 73 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232C/781, do orzamento xeral para 2011, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente, sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. En caso de que pola concorrencia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

CUARTA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión e deixar constancia do financiamento provincial.

QUINTA. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na súa condición de promotor, corresponderalle á Sociedade Parroquial de Vedra, da República Arxentina, o outorgamento dos correspondentes contratos de obra e subministración. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe da obra supera os 30.000 euros, ou tratándose dunha adquisición esta supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos construtores ou provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación poderá fraccionarse ata en dous prazos e materializarse mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola beneficiaria, despois da

presentación previa da seguinte conta xustificativa dos gastos e na porcentaxe de financiamento establecido (73 %), sen que en ningún caso os pagos totais poidan exceder do importe máximo da axuda concedida (16.279,00 €):

A. Certificación do acordo polo que se aproba a realización da instalación dun ascensor.

B. Informe xeral (parcial ou final) subscrito polo representante da Sociedade Parroquial de Vedra, relativo aos investimentos realizados, aludindo ao cumprimento dos obxectivos da subvención.

C. Acta de recepción da instalación e compromiso de destinala á finalidade prevista durante, polo menos, dez anos máis.

D. Relación clasificada dos gastos realizados, relacionados coa execución do obxecto do convenio.

E. Orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

F. Acreditación da aprobación da factura/s presentada polo órgano competente da entidade beneficiaria.

G. Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto.

H. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a presentación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII, salvo que, por non ter actividades en España, no sexa preciso tal acreditación.

3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

4. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento.

SÉTIMA. PRAZO DE REALIZACIÓN DOS GASTOS E PARA A SÚA XUSTIFICACIÓN

1. A instalación obxecto de cofinanciamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula XIII.

2. Unha vez realizada a instalación, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

OITAVA. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación. Para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

NOVENA. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe

constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

DÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

DÉCIMO PRIMEIRA. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións

dispostas nas normas citadas na Base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non se chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

DÉCIMO SEGUNDA. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigos 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura, con efectos retroactivos dende o 1.01.2011, e conservará a súa vixencia ata o día 31.12.2012.

2. Logo da solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.

3. Correspóndelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo da Deputación Provincial da Coruña, en sesión do 25 de febreiro do 2011

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña

A presidenta da Sociedade Parroquial de Vedra

D. Salvador Fernández Moreda

D^a. Dora Pegito Quintás

10.-APROBAR A FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CIVIL DE BENEFICIARIOS DO FOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO (URUGUAI) PARA O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS PRESTADOS AOS USUARIOS DO FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Civil de Beneficiarios do Fogar Español de Montevideo (Uruguai) para o financiamento dos servizos prestados aos usuarios do Fogar de Acollida no ano 2011, cunha achega provincial de 45.000 euros que supón un coeficiente de financiamento do 80% con respecto ao presuposto total (56.250,00 euros) e que se imputará a partida 0103/232C/481, e cun prazo de vixencia de ata 31-12-2012.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CIVIL DE BENEFICIARIOS DO FOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO (URUGUAI) PARA O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS PRESTADOS AOS USUARIOS DO FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2011

Na Cidade de Montevideo, de de dous mil once

REUNIDOS

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervéñ neste acto en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Antonio Ríos López, que intervéñ neste acto en nome e representación da Asociación Civil de Beneficiarios do Fogar Español de Montevideo, CIF T000000031, cuxo domicilio social está na Avda. de las Instrucciones 981, Montevideo (Uruguai), actúa na súa calidade de presidente e conforme coas competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

MANIFIESTAN

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio

intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O *Fogar Español de Montevideo*, en adiante a beneficiaria, é unha institución privada sen fins de lucro, constituída para atender aos anciáns e desamparados de orixe español, con carácter temporal (no seu fogar de día) ou en réxime de residencia permanente. Entre os seus fins está asilar aos anciáns imposibilitados para o traballo e carentes de medios de subsistencia e parentes que poidan mantelos; resolver os problemas da ancianidade entre os españois nativos, especialmente os de orixe galego, prestando os servizos necesarios que requira a súa atención.

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están lonxe da súa terra.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as estean vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados e considerando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior, acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, suxeito ás seguintes cláusulas:

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o *Fogar Español de Montevideo*, para o financiamento dos servizos prestados aos usuarios do fogar de acollida no período 1.02.2011 ata o 31.01.2012, tales como comunicacións, enerxía eléctrica, consumo de gas para a cociña e a calefacción, servizo de vixilancia e nómina do persoal de mantemento.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

O orzamento dos gastos aludidos no apartado anterior ascende a un importe de 56.250,00 €, o seu equivalente en pesos uruguaios, e o seu detalle é o seguinte:

- Comunicaci3ns	1.300,00 €
- Enerxía el3ctrica	4.250,00 €
- Gas para a cociña	1.700,00 €
- Gas para a calefacci3n	5.000,00 €
- Persoal de vixilancia	7.500,00 €
- Persoal de mantemento	<u>36.500,00 €</u>
TOTAL	56.250,00 €

III.- COFINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputaci3n da Coruña comprom3tese a colaborar no cofinanciamento das citadas adquisici3ns cunha achega m3xima de 45.000,00 € (CORENTA E CINCO MIL EUROS), sobre un orzamento de 56.250,00 €, o que equivale a un coeficiente de financiamento do 80 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cl3usula segunda, a Deputaci3n s3 achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento establecido na cl3usula segunda, entenderase que a finalidade b3sica da subvenci3n non se cumpriu e perderase o dereito á súa percepci3n.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicaci3n orzamentaria 0103/232C/481, do orzamento xeral para 2011, na que a Intervenci3n provincial certificou que existe cr3dito suficiente, sobre a que contabilizou a correspondente retenci3n de cr3dito.

4. Esta subvenci3n é compatible coa percepci3n doutras subvenci3ns ou axudas, p3blicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvenci3n provincial, non supere en ning3n caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.

5. En caso de que pola concorrancia doutras axudas ou subvenci3ns se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das adquisicións, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, debera facerse constar sempre o cofinanciamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1.A achega da Deputación poderá fraccionarse ata en dous prazos e materializarse mediante transferencia bancaria, despois da presentación previa da seguinte conta xustificativa dos gastos e na porcentaxe de financiamento establecido (80 %), sen que en ningún caso os pagos totais podan exceder do importe máximo da axuda concedida (45.000,00 €):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ENTIDADE BENEFICIARIA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII, salvo que, por non ter actividades en España, no sexa preciso tal acreditación.

3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

4. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas no período do 1.02.2011 a 31.01.2012.

2 Unha vez rematadas, a beneficiaria deberá presentar a xustificación final antes do 30.09.2012.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibido ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, no sexa preciso tal acreditación. Para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos,

o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na [Base 55.6](#) das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura, terá efectos retroactivos dende o 1.01.2011 e conservará a súa vixencia ata o día 31.12.2012.

2. Logo da solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio. Faise constar que o presente convenio foi

- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben, a finalidade para a que foi concedida, polo menos, por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable (60%).
- Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.”

12.-APROBAR A 1ª FASE DA ANUALIDADE 2011 DO PROXECTO MANDEO 2008-2011 COFINANCIADO CON FONDOS FEDER.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vista a relación de actuacións que a seguir se indican, que desenvolven o contido do proxecto reformulado denominado “Mandeo. Posta en valor das concas fluviais 1ª fase: Río Mandeo”, financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013

1º.- Aprobar a primeira fase da anualidade 2011 do Proxecto Mandeo na que se inclúen as actuacións que a seguir se indican, que serán contratadas por esta Deputación:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	2011
		Feder
		Deputación
		Total
11.2800.0037.0	Saneamento en Ponte Aranga Pr. Mandeo	316.287,31
		135.551,71
		451.839,02
11.2800.0037.4	Coordinac. seg- saúde saneam Ponte Aranga Pr.Mandeo	3.378,66
		1.447,99
		4.826,65
11.2800.0037.5	Dirección saneam. Ponte Aranga Pr Mandeo	7.883,53
		3.378,66
		11.262,19
11.2800.0038.0	Saneamento en Pedrido (Bergondo) Pr. Mandeo	402.395,35
		172.455,15
		574.850,50
11.2800.0038.4	Coordinac. seg- saúde saneam Pedrido (Bergondo)	4.298,48
		1.842,21
		6.140,69
11.2800.0038.5	Dirección saneam Pedrido (Bergondo) Pr.Mandeo	10.029,80
		4.298,48
		14.328,28
11.2800.0039.0	Saneam. Miodelo Novo (Betanzos) Pr. Mandeo	45.432,92
		19.471,25
		64.904,17
11.2800.0039.4	Coordinac.seg- saúde saneam Miodelo Novo(Betanzos)	485,32
		208,00

		693,32
11.2800.0039.5	Dirección saneam Miodelo Novo (Betanzos) Pr.Mandeo	1.132,43
		485,32
		1.617,75
11.2800.0040.0	Saneam Trasanquelos (Cesuras) Pr. Mandeo	454.689,31
		194.866,85
		649.556,16
11.2800.0040.4	Coordinac. seg -saúde saneam Trasanquelos (Cesuras)	4.857,10
		2.081,61
		6.938,71
11.2800.0040.5	Dirección saneam Trasanquelos (Cesuras) Pr.Mandeo	11.333,23
		4.857,10
		16.190,33
11.2800.0041.0	Saneam O Casal (Coirós) Pr. Mandeo	586.712,90
		251.448,38
		838.161,28
11.2800.0041.4	Coordinac. seg-saúde saneam O Casal (Coirós)	6.267,41
		2.686,03
		8.953,44
11.2800.0041.5	Dirección saneam O Casal (Coirós) Pr.Mandeo	14.623,95
		6.267,41
		20.891,36
11.2800.0042.0	Saneam Pedreiro (Curtis) Pr. Mandeo	156.686,89
		67.151,52
		223.838,41
11.2800.0042.4	Coordinac. seg -saúde saneam Pedreiro (Curtis)	1.673,77
		717,33
		2.391,10
11.2800.0042.5	Dirección saneam Pedreiro (Curtis) Pr.Mandeo	3.905,45
		1.673,77
		5.579,22
11.2800.0043.0	Saneam O Penedo (Irixoa) Pr. Mandeo	288.713,90
		123.734,53
		412.448,43
11.2800.0043.4	Coordinac. seg- saúde O Penedo (Irixoa) Pr.Mandeo	3.084,11
		1.321,76
		4.405,87
11.2800.0043.5	Dirección saneam O Penedo (Irixoa) Pr.Mandeo	7.196,26
		3.084,11
		10.280,37
11.2800.0044.0	Saneam. Carraceda(Oza dos Ríos) Pr. Mandeo	328.886,42
		140.951,32
		469.837,74
11.2800.0044.4	Coordinac.seg-saúde saneam.Carraceda(Oza dos R)	3.513,24
		1.505,68
		5.018,92
11.2800.0044.5	Dirección saneam Carraceda (Oza dos Ríos)	8.197,57
		3.513,24
		11.710,81
11.2800.0045.0	Saneam Vilariño (Sobrado) Pr. Mandeo	236.926,32
		101.539,85
		338.466,17
11.2800.0045.4	Coordinac. seg-saúde saneam.Vilariño (Sobrado)	2.530,91
		1.084,67
		3.615,58
11.2800.0045.5	Dirección saneam. Vilariño (Sobrado) Pr.Mandeo	5.905,45
		2.530,90
		8.436,35
11.2800.0046.0	Manual e doc. difusión xestión auga Pr. Mandeo	19.245,80
		8.248,20
		27.494,00
11.2800.0047.0	4º estudo indicadores físico-químicos Pr.Mandeo	45.925,60
		19.682,40
		65.608,00
11.2800.0048.0	Actuacións informativas continuidade Pr.Mandeo	56.000,00
		24.000,00
		80.000,00
11.2800.0049.0	Concurso definición contido - e implementación de Centros de Chelo e Curtis. Pr. Mandeo	8.400,00
		3.600,00
		12.000,00

T O T A L 1ª fase anualidade 2011	
	3.046.599,39
	1.305.685,43
	4.352.284,82

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do orzamento provincial para o exercicio 2011.

3º.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.”

13.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA “MELLORA, REFORMA, PARQUE INFANTIL DO XARDÍN MUNICIPAL” DO CONCELLO DAS PONTES, INCLUÍDA NA SEGUNDA FASE DO PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009. CÓDIGO 09.3260.0047.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra denominada “Mellora, reforma, parque infantil do xardín municipal” do Concello das Pontes, incluída na segunda fase do Plan especial de parques infantís 2009, código 09.3260.0047.0, que foi aprobada na sesión plenaria realizada o día 25 de setembro de 2009, xa que introduce algunhas modificacións nos elementos e materiais utilizados no propio parque infantil que alteran o seu contido en máis dun 30% respecto do proxecto técnico inicial, aínda que non representan variacións substanciais e que non varían o orzamento total da obra nin o seu obxecto xeral nin a súa finalidade.

A aprobación deste proxecto reformado queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de Modificación de Créditos 1/2011, no que se consignará na partida orzamentaria do plan 0501/171B/76201 o crédito suficiente para facer efectivo o resto da achega da Deputación á obra citada.”

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Pontes, As	09.3260.0047.0	Mellora, reforma parque infantil do xardín municipal	51.979,34	8.990,46	60.969,80

14.-APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “REHABILITACIÓN DA REDE DE PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO DE CAMARIÑAS”, DO CONCELLO DE CAMARIÑAS, INCLUÍDA NA TERCEIRA FASE DO PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009. CÓDIGO 09.3260.0057.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto modificado da obra denominada “Rehabilitación da rede de parques infantís do Concello de Camariñas”, código 09.3260.0057.0, que foi aprobada na sesión plenaria realizada o día 27 de novembro de 2009 dentro da terceira fase do Plan especial de parques infantís 2009, cun presuposto de contrata de 72.734,85 euros, xa que esta modificación implica unha diminución do orzamento total da obra pero non varía o seu obxecto xeral nin a súa finalidade.

A aprobación deste proxecto técnico modificado queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de Modificación de Créditos 1/2011, no que se consignará na partida orzamentaria do plan 0501/171B/76201 o crédito suficiente para facer efectiva a achega da deputación á obra citada, que coa aprobación desta modificación é de 61.824,62 euros.

Como consecuencia desta modificación o cadro de financiamento da obra é o seguinte:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Camariñas	09.3260.0057.0	Rehabilitación da rede de parques infantís Concello de Camariñas	61.824,62	10.910,23	72.734,85

DIFERENZAS PROXECTO INICIAL E MODIFICADO SOBRE O ORZAMENTO DE CONTRATA DA OBRA CÓDIGO 2009.3260.0057.0			
	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
ACHEGA DEPUTACIÓN	62.146,61	61.824,62	-321,99
ACHEGA CONCELLO	64.503,33	10.910,23	-53.593,10
TOTAL	126.649,94	72.734,85	-53.915,09

15.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DP 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA PK 31+230-31+510 (TRAMO 1), INCLUÍDA NA CUARTA FASE DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar o proxecto reformado de tramo 1 do proxecto de ACONDICIONAMIENTO da DP 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA PK 31+230 a 31+510, DUMBRÍA, (0911100005.1) polo seu orzamento de contrata de 439.603,77.- euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 67.976,33.- euros.

2º) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, Manuel Rodríguez Lema, S. L. (CIF: B15071822) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 278.440,64.- euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 43.055,53.- euros.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 1.855,84.- euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 12.001,75.- euros.”

16.-APROBAR O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, PRIMEIRA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 3501 P.Q. 2+600 AO 3+240 (FENE).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2011 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 64773,41.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/453A/60900 e que a continuación se detalla:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 3501 PK 2+600 AO 3+240. FENE 1111100001.0	64.773,41

2) Expoñer ao público o proxecto mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

17.-APROBAR O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, SEGUNDA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN CON MESTURA ASFÁLTICA EN QUENTE NA DP 1802 VEIGA A CABANA, AS PONTES, P.Q. 9+170 AO 10+500, 11+500 AO 14+900 (AS PONTES).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2011 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 448.057,29.- euros, que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
ENSANCHE E PAVIMENTACIÓN CON MESTURA ASFÁLTICA EN QUENTE NA DP 1802 VEIGA A CABANA A AS PONTES PK 9+170 A 10+500, 11+500 A 14+900. AS PONTES. 1111100002.0	448.057,29

2) Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

18.-APROBAR O PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, TERCEIRA FASE, INTEGRADO POLOS PROXECTOS: AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO NA DP 7103 DE LARANGA A OLVEIRA POR SERÁNS P.Q. 0+000 AO P.Q. 6+100 (PORTO DO SON); ENSANCHE E MELLORA DO TRAZADO E AFIRMADO DA DP 0512, O BIRLOQUE-ARTEIXO P.Q. 3,020 AO P.Q. 5,300 (A CORUÑA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2011 terceira FASE cun orzamento total de 2.355.000,92.- euros, que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 7103 DE LARANGA A OLVEIRA POR SERÁNS, P.K. 0+000 AO P.K. 6+100 (PORTO DO SON). 1111100003.0	1.438.272,78
ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 0512, O BIRLOQUE-ARTEIXO, PK 3,020 A PK 5,300 (A CORUÑA). 1111100004.0	916.728,14
TOTAL	2.355.000,92

2) Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

19.-APROBAR O PLAN DE TRAVESÍAS 2011, 1ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DP 3801 SIGÜEIRO A SAN MAURO P.Q. 8+040 AO 8+900 (OROSO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar inicialmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2011 1ª FASE cun orzamento total de 416469,80.- euros e que é o que a continuación se detalla

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA DP 3801 SIGUEIRO A SAN MAURO PK 8+040 A 8+900 (OROSO). 1111300001.0	416.469,80

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera por tanto ningún compromiso económico nin de execución para a Deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprrobe definitivamente o plan ou a correspondente fase deste.

2) Remitir os citados proxectos aos concellos para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a

Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2008-2011, aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 29-2-2008 (BOP 57/8-3-2008).”

20.-APROBAR O PLAN DE TRAVESÍAS 2010, 4ª FASE PRIMEIRA RELACIÓN, INTEGRADO POLO PROXECTO: SEGURIDADE VIARIA, REFORZO DO FIRME DE CALZADA, SINALIZACIÓN, ILUMINACIÓN VIARIA E REPOSICIÓN PARCIAL DE BEIRARRÚAS NUN TRAMO DA DP 0513 PAIOSACO A CAIÓN (TRAMO DA TORRE) (A LARACHA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar provisionalmente o Plan de travesías 2010 4ª fase primeira relación, integrado polo proxecto que a continuación se relaciona, cun orzamento total de 253.173,06

DENOMINACION	ORZAMENTO
SEGURIDADE VIARIA, REFORZO DO FIRME DA CALZADA, SINALIZACIÓN, ILUMINACIÓN VIARIA E REPOSICIÓN PARCIAL DE BEIRARRÚAS NUN TRAMO DA DP 0513 PAIOSACO A CAION (TRAMO DA TORRE) (A LARACHA) 1011300004.0	253.173,06

2º.- Expoñer ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.”

21.-APROBAR O PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 INTEGRADO POLO PROXECTO: MODIFICADO Nº 1 DE MODIFICACIÓN DO TRAZADO DA ESTRADA DP 2204 AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE PONTIGAS (CEDEIRA). SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A URGENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º- Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán o PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e a súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA	ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN (PREVISIÓN PARA EXPROPIACIÓNS)

MODIFICADO NUMERO 1 DE MODIFICACIÓN DO TRAZADO DA ESTRADA DP 2204 AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE PONTIGAS (CEDEIRA)	585.287,73	124.101,88
Totais	585.287,73	124.101,88

O presente proxecto substitúe ao denominado MODIFICACIÓN DO TRAZADO DA ESTRADA DP 2204 AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE PONTIGAS (CEDEIRA) aprobado polo Pleno da Corporación o 26-2-2010.

2º.- Expor ao público o citado proxecto mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3º.- Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1.983 da Consellería da Presidencia e con base aos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras MODIFICADO NÚMERO 1 DE MODIFICACIÓN DO TRAZADO DA ESTRADA DP 2204 AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE PONTIGAS (CEDEIRA) tales como que:

- Actualmente a estrada DP 2204, no tramo obxecto do proxecto, ten unha calzada estreita de ancho medio inferior aos 5 m, carece de beiravías, posúe un trazado sinuoso con curvas de radio inferior a 40 m, todo iso atravesando o núcleo de Pontigas, onde as numerosas edificacións de vivendas sitúanse a distancias inferiores aos 2 metros do bordo de calzada. Estas condicións dificultan a seguridade na circulación, especialmente durante o cruzamento de vehículos sobre todo se estes son pesados, chegando a reducir a súa velocidade ata case a súa detención, e limitan a visibilidade dispoñible en tramos de curva, especialmente no citado núcleo de Pontigas, onde as numerosas edificacións limitan a visibilidade dispoñible, e onde a carencia de sendas e beirarrúas fan aumentar o risco dos peóns que han de circular chegando a ter que transitar pola calzada.
- O tramo de estrada obxecto do proxecto presenta tráfico considerable, en especial na época estival, ao ser necesariamente utilizado por vehículos e autobuses en dirección a Santo André de Teixido.
- As obras proxectadas consisten na modificación do trazado da estrada actual, evitando, polo tanto, o paso polo núcleo de Pontigas, utilizando unha vía alternativa polo lado oeste do núcleo, onde a ausencia de edificacións posibilita alcanzar unha plataforma con anchura de 9 m e un óptimo trazado, o cal aumentará as condicións de seguridade na circulación, e evitárase o paso polo núcleo de poboación, mellorando notablemente as condicións de seguridade dos peóns.
- Por todo iso, entendemos que, sendo o obxecto das actuacións do proxecto a mellora das condicións de seguridade viaria, agora moi restrinxidas polas deficientes características xeométricas da estrada actual, está plenamente xustificada a declaración de urxente

ocupación dos bens e dereitos afectados co fin de mellorar as citadas condicións diminuindo, por tanto, o risco de accidentes de circulación.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4º.- Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras MODIFICADO NÚMERO 1 DE MODIFICACIÓN DO TRAZADO DA ESTRADA DP 2204 AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE PONTIGAS (CEDEIRA) mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para as reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

22.-APROBAR O PROXECTO REFORMADO DO MODIFICADO DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DA DP 1002 DE BOIMORTO A MUROS POLA GÁNDARA P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+860 BOIMORTO. CÓDIGO 0811300005.1.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto reformado de modificado de mellora da seguridade viaria da DP 1002 de Boimorto a Muros pola Gándara, P.Q. 0 000 ao P.Q. 0 860 (Adx. 18) (Ref. 18). Boimorto (Código do proxecto reformado 0811300005.1) polo seu orzamento de contrata de 502.525,48 euros que representa un incremento respecto ao primitivo de 82.483,56 euros.

2.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L. (B15289614) as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 406.171,55 euros que representa un incremento respecto ao primitivo de 66.668,21 euros

3.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 2.824,92 euros que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento de 17.210,65 euros.

Taxas do contrato: 103,98 euros.”

23.-APROBAR OS CRITERIOS DE PONDERACIÓN RELATIVOS Á PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DA DEPUTACIÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“O complemento de produtividade está destinado a incentivar o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou a iniciativa cos que o funcionario desenvolva o seu traballo.

Co fin de incrementar a produtividade do persoal da Deputación, anualmente consignarase nos orzamentos anuais da Corporación unha porcentaxe das economías que se producisen no exercicio anterior nos gastos de persoal interino, laboral eventual e gratificacións por servizos extraordinarios, destinada ao aboamento dun complemento de produtividade que percibirán aqueles empregados que teñan unha avaliación do desempeño do seu posto de traballo satisfactoria durante o ano anterior.

En ningún caso se aboarán en concepto de produtividade os traballos extraordinarios fóra da xornada laboral que excedan das 80 anuais fixadas como máximo no Acordo Negociado de Funcionarios e o Convenio Colectivo de Persoal Laboral.

A dita dotación orzamentaria non poderá superar o límite establecido no art. 7.2b) do Real decreto 861/1986, do 25 de abril.

-En canto á avaliación do desempeño do posto de traballo, constituirase un Comité de Valoración integrado polos seguintes membros:

- Deputado responsable da Área de Recursos Humanos.
- Xefe do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.
- Xefe do Servizo de Organización, Calidade e Modernización.
- Xefe de Sección de Planificación do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.
- Xefe de Sección de Calidade e Modernización do Servizo de Organización, Calidade e Modernización.
- Catro representantes sindicais das organizacións sindicais con representación na Deputación.

-A asignación individual do complemento de produtividade será o resultado da ponderación dos seguintes factores:

- a) Cumprimento da xornada. Para o seu cálculo terase en conta a duración semanal mínima esixida. Este factor terá un peso relativo do 15%.

Para o seu cálculo porase en relación o número de horas efectivamente realizadas polo empregado co que corresponda realizar segundo lle sexa de aplicación o horario e a xornada xeral ou especial a que se refire o acordo plenario do 21/12/2007. O resultado obtido polo cumprimento da xornada non poderá, en ningún caso, ser superior ao 100%.

- b) Asistencia ao posto de traballo. Para iso computaranse os días en que se estivese ausente no traballo, aínda que estean xustificadas, coa excepción de vacacións, asuntos propios, permisos contemplados nos artigos 48 e 49 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do

estatuto básico do empregado público, comisións de servizos e baixas por accidente laboral ou enfermidade profesional. Este factor terá un peso relativo do 35%.

c) Valoración do traballo e cumprimento de obxectivos. Este factor terá un peso relativo do 50%.

Para a valoración do traballo e cumprimento de obxectivos seguirase o procedemento seguinte:

a) O xefe de sección ou semellante cubrirá un cuestionario, no que avaliará os factores seguintes:

- Competencia práctica; valorarase a capacidade manifestada na realización das tarefas propias do posto de traballo e o grao de fiabilidade que merece no seu desempeño.
- Colaboración: valorarase a disposición para cumprir normas ou aceptar suxestións e indicacións, así como a maneira de se relacionar no posto de traballo.
- Responsabilidade: valoraranse a capacidade de asumir e realizar as tarefas encomendadas e de aceptar como propios os resultados do traballo.
- Volume de traballo; valorarase a cantidade de tarefas e actividades que se realizan así como a rapidez en executalas.
- Iniciativa; valorarase a capacidade para dar resposta ás esixencias ao posto de traballo, tanto ás habituais como ás novas imprevistas, así como de tomar decisións ou escoller entre diferentes opcións.
- Cumprimento dos obxectivos, valoraranse as tarefas executadas, grao de cumprimento dos obxectivos e porcentaxe de exención dos créditos orzamentarios asignados.

b) Unha vez cuberto o cuestionario, sométese ao visto e praxe do xefe do Servizo ou director do Centro. Estes poden axuntar ao cuestionario un informe sobre posíbeis diverxencias respecto á valoración feita .

c) Unha vez formalizado e co visto e praxe o informe en contra do xefe do Servizo ou director do Centro, entregaráselle unha copia ao traballador, quen poderá formular alegacións.

d) Efectuadas, no seu caso, polo empregado as alegacións que estimase pertinentes, o cuestionario cuberto trasladarase á Comisión de Valoración que, á vista das valoracións efectuadas e das alegacións que, no seu caso, se efectuaran, realizará unha proposta á Presidencia na que se recollerá a avaliación realizada polo superior xerárquico, agás que non se respectasen os criterios e a metodoloxía aprobados pola Comisión de Valoración.

e) Para a valoración do traballo desenvolvido polos xefes de Servizo, o cuestionario será cuberto polo tesoureiro ou interventor xeral, segundo estean adscritos á Área de Tesourería ou Intervención, ou polo secretario xeral, para os que estean adscritos a Secretaría ou dependan directamente de Presidencia.

f) O Comité de Valoración avaliará a través dos controis de presenza, a asiduidade ao traballo e cumprimento de horario dos funcionarios de habilitación nacional, correspondéndolle ao presidente da Deputación a valoración do resto de factores.

g) O persoal laboral das oficinas de recadación continuará percibindo o plus de produtividade nas condicións fixadas no Convenio Colectivo.

h) Os representantes dos traballadores que estivesen liberados totalmente durante o período sometido á avaliación, percibirán unha contía por produtividade igual á media da súa categoría dentro do servizo ao que pertencen. Se a súa liberación fose parcial, a avaliación haberá de realizarse en función da súa xornada de traballo efectiva nas unidades de adscrición, pero computándose como se realizasen a xornada completa.

i) O persoal percibirá a contía por produtividade proporcionalmente ao tempo traballado dentro do período de avaliación.

j) O persoal eventual será valorado en todos os seus factores polo xefe do gabinete.”

24.-APROBAR A DESCRICIÓN DE FUNCÍONS DO POSTO “XEFATURA DE SECCIÓN DE UNIÓN EUROPEA E ACCIÓN EXTERIOR”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Descricións das funcións do posto “xefatura de sección de Unión Europea e Acción Exterior” do servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea:

Descrición do posto:

Deseñar, propoñer, organizar, xestionar e promocionar as actividades provinciais en relación coa axuda ao desenvolvemento, colectividade galegas no exterior, universidades, planificación estratéxica, Unión Europea e o centro Europe Direct. Prestar apoio técnico no desenvolvemento dos proxectos. Coordinar e supervisar a información a entidades públicas, privadas e particulares.”

25.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO 2010.

Tomar coñecemento da aprobación da liquidación do presuposto da Deputación provincial correspondente ao Exercicio 2010.

26.-DAR CONTA DO INFORME SOBRE A AVALIACIÓN DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA RELATIVO Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2010 E INDICADORES RELEVANTES.

Tomar coñecemento do informe sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade presupostaria relativo á liquidación do presuposto do exercicio 2011 e indicadores relevantes.

27.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cabana de Bergantiños en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

28.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CERCEDA EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Cerceda en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

29.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE DODRO EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Dodro en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

30.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MUXÍA EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Muxía en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

31.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA EN MATERIA DE RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DAS MULTAS POR INFRACCIÓNS DA NORMATIVA DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E SEGURIDADE VIARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Ortigueira en relación coa seguinte materia:

- Recadación voluntaria e executiva das multas por infraccións da normativa de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo”.

32.-ACEPTAR A AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE VILARMAIOR EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Vilarmajor en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

33.-ACEPTAR A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE INSTRUCCIÓN DOS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR DENUNCIAS CURSADAS POLO CONCELLO POR INFRACCIÓN DAS NORMAS SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA ACORDADA POLO CONCELLO DE ORTIGUEIRA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a delegación de competencias en materia tributaria acordada polo Concello de Ortigueira en relación coa seguinte materia:

- Aceptar a delegación de competencias en materia de instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo concello por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria acordada polo concello de Ortigueira.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos dende o momento no que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.”

34.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS PREVISIÓNS DE INGRESOS E MODIFICACIÓN DA BASE 30 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Modificar as previsións iniciais de ingresos do Orzamento provincial do exercicio 2011 para substituír as operacións de crédito destinadas a financiar o Plan de obras e servizos (4.000.000,00 €) e o Plan de cooperación cos concellos (5.000.000,00 €) polos recursos propios que resultan do remanente de tesourería dispoñible para gastos xerais do exercicio 2010. (9.000.000,00 €).

2º) Modificar a Base 30ª de execución do Orzamento do exercicio 2011 que quedará redactada nos seguintes termos:

BASE 30ª. FINANCIAMENTO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) E DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) DO EXERCICIO 2011

No exercicio 2011 o financiamento do Plan de obras e servizos (POS) e do Plan de cooperación cos concellos (PCC), realizarase de acordo coas seguintes previsións:

EXPLICACIÓN DO GASTO	ACHEGA DEPUTACIÓN		ACHEGA ESTADO	ACHEGA CONCELLO	TOTAL	
	PRÉSTAMO	FOND. PROPIOS			PRESUP. PROV.	INVESTIMENTO
Plan de Obras e Servizos- gasto corrente	0,00	12.100.000,00	0,00	0,00	12.100.000,00	12.100.000,00
Plan de Obras e Servizos - investimentos	0,00	9.051.179,34	3.048.820,66	636.842,11	12.100.000,00	12.736.842,11
Plan de Cooperación Concellos (PCC)	0,00	5.000.000,00	0,00	0,00	5.000.000,00	5.000.000,00
TOTAIS	0,00	26.151.179,34	3.048.820,66	636.842,11	29.200.000,00	29.836.842,11

De conformidade co establecido no artigo 173.6 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo; a dispoñibilidade dos créditos orzamentarios queda condicionada á confirmación da achega estatal polo importe que está previsto financiar por esta fonte de financiamento.

3º) Dispor a exposición ao público do expediente polo prazo de quince días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de posibles reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do Real Decreto 500/1990.

Se transcorrido o devandito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º) O resumo por capítulos do estado de ingresos do citado expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento co disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

35.-MODIFICAR AS SUBVENCÍONS NOMINATIVAS RECOLLIDAS NA BASE 49 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar a documentación que se presenta, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificar a Base 49ª de execución do orzamento provincial.

1º.1 Incluir a subvención nominativa seguinte:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0305/414B/481	Club Deportivo Equicio	G15783483	Salón do cabalo. Equicio 2011	30.000,00	42.000,00	71,43

1º-2- Corrección de erros e modificacións nas subvencións nominativas seguintes:

APLICACIÓN PRESUPOSTARIA	BENEFICIARIO	CIF/NIF	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% FINAN.
0502/462A/481	Fundación Galicia Innova (1)	G15905839	Sistema de Indicadores Municipais II Fase	45.000,00	56.250,00	80,00
0701/231E/781	Asociación dano cerebral da Coruña. ADACECO (2)	Q15780166	Vehículo adaptado	36.000,00	45.785,82	78,63
0701/231E/781	Asociación de pais de nenos paralíticos cerebrais. ASPACE (3)	Q15031529	Adaptación pavillón centro atención integral Osedo-Sada	100.000,00	950.873,83	10,52
0305/432A/481	Universidade da Coruña (4)	Q6550005J	Máster en dirección e planificación turismo	9.000,00	9.000,00	100%

(1) Modifícase a aplicación presupostaria. (Nas bases aprobadas co presuposto figura 0502/922B/481)

- (2) Nas bases aprobadas co presuposto figura Adeco en lugar de ADACECO.
- (3) Modifícase a redacción no epígrafe **Obxecto**.
- (4) Modifícase o importe da subvención e engádese o presuposto e a porcentaxe.

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

36.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 1/2011.

INTERVENCIONES

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, o Grupo Popular vaise abster neste punto 36 de Expediente de modificación de créditos 1/2011, en coherencia coa abstención tamén dada polo Grupo Popular nos Orzamentos, sen máis debate.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (11 do PP e 1 deputado non adscrito)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/2011 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 33.393.521,01 euros que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

C.E. Créditos extraordinarios..... 7.765.982,34
S.C. Suplementos de crédito..... 25.627.538,67
33.393.521,01

Total de aumentos:.....33.393.521,01

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

R.X. Remanente de tesourería para gastos xerais:

Total financiamento:.....33.393.521,01

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas
1. Gastos de persoal	0,00
2. Gastos correntes	2.395.946,44
3. Gastos financeiros	1.476,19
4. Transferencias correntes	4.316.465,98
6. Investimentos reais	9.299.510,71
7. Transferencias de capital	17.380.121,69
8. Activos financeiros	0,00
9. Pasivos financeiros	0,00
TOTAL MODIFICACIÓNS	33.393.521,01

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Remanente de Tesourería	33.393.521,01
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	33.393.521,01

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais, para dar cumprimento ao disposto no artigo 29.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.

37.-APROBAR A PRIMEIRA FASE DA ANUALIDADE 2010-2011 DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS. GDR 25: COMARCAS DO BARBANZA, MUROS-NOIA E O SAR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os proxectos e demais documentación presentada polos concellos destinatarios do Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas bases reguladoras e a súa modificación foron aprobadas mediante o acordo plenario do 26 de marzo do 2010 e 24 de setembro de 2010 respectivamente,

1º- Aprobar a 1ª fase da anualidade 2010-2011 do Programa de modernización dos mercados locais dirixido aos concellos das comarcas do Barbanza, Muros-Noia e o Sar cuxas cifras globais de financiamento se indican a continuación:

Financiamentos 1ª fase anualidade 2010-2011	ANO 2010	ANO 2011	TOTAL 1ª FASE
Achega municipal	31.670,80 €	4.494,22 €	36.165,02 €
Achega Deputación	86.000,00 €	145.000,00 €	231.000,00 €
Total	117.670,80 €	149.494,22 €	267.165,02 €

2º.- Aprobar a relación de actuacións de investimento que a continuación se relacionan:

CADRO RESUMO DE PROXECTOS DA 1ª FASE DO PROGRAMA DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS COMARCAS DE MUROS-NOIA, A BARBANZA E O SAR

CONCELLO	DESCRICIÓN DO PROXECTO	PRESUPOSTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
NOIA	Remocicar 2ª Fase. Acondicionamento das áreas de venda de produtos locais na feira de Noia	57.750,00	-	57.750,00
PORTO DO SON	Modernización da praza de abastos en Porto do Son	57.750,00	-	57.750,00
RIANXO	Melloras no mercado municipal de Rianxo	57.750,00	-	57.750,00
RIBEIRA	Redacción do proxecto Novo Mercado Municipal de Ribeira	93.915,00	36.165,00	57.750,00
	TOTAL	267.165,00	36.165,00	231.000,00

Co obxecto de completar os expedientes referenciados no presente acordo, os concellos que se indican a continuación deberán cumprir as condicións e requirimentos seguintes:

Rianxo: Deberá acreditar documentalmente que quedou garantida a cesión da finca na que se vai executar o investimento por un prazo mínimo de 10 anos establecido na normativa de subvencións.

Ribeira: Deberá acreditar o compromiso expreso de iniciar a execución do proxecto no presente exercicio 2011.

Porto do Son: Deberá notificarse ao concello que non se poderá realizar ningún pago referido á xustificación da obra aprobada no presente acordo sen que antes quedara regularizada a situación entre o concello e a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

3º.- A contratación e execución das obras e actuacións realizarana os concellos de acordo coas instrucións que figuran no punto 7 e 8 das bases reguladoras.

4º Dispoñer a exposición pública da 1ª fase do Programa mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

5º.- Facultar ao presidente para canto proceda en orde á xestión do presente acordo.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. presidente

Finalizamos a parte dispositiva do Pleno, na que lle quero lembrar aos Sres. e Sras. deputadas, que aprobamos por unanimidade, e discretamente, pero por unanimidade e despois de debater en Comisións, un investimento na provincia de 44 millóns de euros que equivalen a 7.500 millóns das antigas pesetas, 44 millóns de euros que se reparten, 26,5 no Plan de obras e servizos, 8,3 no Plan de cooperación cos concellos, 4,3 no Proxecto Mandeo, en obras de saneamento dos dez concellos que están na conca do Mandeo, 4,1 millóns de euros en investimentos en estradas, o que totaliza 44 millóns de euros. Quero resaltalo porque ás veces aprobamos as cousas sen debate, porque xa debatemos nas comisións, e pasan desapercibidas. É un enorme esforzo investidor da Deputación que fai no principio do ano para que os concellos teñan recursos para poder atender as necesidades dos seus veciños.

E pasamos xa á parte de control. Creo que hai unha [moción](#), polo menos, que presenta o Grupo Socialista e o Bloque Nacionalista Galego e vai presentala o Sr. Lagares.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días. Esta primeira intervención, evidentemente, é para declarar, se procede, a urxencia da moción que presentamos o equipo de goberno, formado, como é ben sabido, polo Grupo Socialista e polo Grupo Nacionalista. Trátase dunha moción relativa á empresa EMESA e aos ERES, que logo exporemos, se se estima a urxencia, na motivación e nas conclusións en tres puntos con respecto a dirixirse, instar a distintos estamentos do Goberno galego sobre aspectos que logo exporíamos. Nesta primeira intervención solicito que as Sras. E Sres. deputados declaren a urxencia, moitas grazas.

Sra. González Vázquez

Bos días, queremos tamén dicir si á urxencia porque o PP sempre está disposto a debater e porque o PP está preocupado polo tema do paro, como non, na provincia e porque o PP non distingue localidades. Cando no Pleno anterior eu trouxen un tema de pesca, desde algún escano acusábaseme que traía un tema localista, entendemos que calquera tema que afecte a calquera localidade da nosa provincia nun tema de paro, estaremos aí para debatelo. Dicimos si á urxencia, pero en calquera caso haberá que traer máis ERES e máis urxencias, e máis empresas que estean con este mesmo problemas, ou houbo que traelas. En calquera caso, si á urxencia.

Por unanimidade apróbase a urxencia da moción e procédese ao seu debate.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente, si, efectivamente, estamos preocupados por este expediente de regulación de emprego e por outros expedientes que se dan, non só na provincia da Coruña, senón no país galego, pero neste caso que nos atinxe é unha moción que eu lamento profundamente que non sexa asinada polo Grupo Popular, si está asinada polos grupos nacionalista e socialista, como indiquei ao principio.

Elaborados Metálicos EMESA é unha empresa afincada no Polígono Industrial de Coirós, na comarca das mariñas betanceiras, que pertence ao grupo Isolux-Corsam. Esta empresa nace na cidade da Coruña hai máis de 50 anos e atópanse na súa memoria de traballos algo que todos coñecemos e que nos pasa desapercibido, pero é que é unha empresa, non só a nivel de España, senón a nivel internacional, importantísima: as estruturas metálicas da ponte de Rande de Vigo, o Turning Torso, edificio emblemático de Suecia, a estación intermodal de Lieja en Bélxica, algúns edificios da Cidade da Arte de Valencia, ou mesmo a estación Zona Cero de Nova York. Estas obras emblemáticas a nivel mundial foron feitas parcialmente por esta empresa situada no centro de Coirós, e hoxe inmersa nunha crise polos distintos ERES que alí se dan.

No mes de marzo cúmprense dezaseis meses nunha situación na que se atopan unha serie de traballadores que non recibiron a resposta adecuada, nin da dirección da empresa, do grupo, nin das autoridades competentes da Xunta de Galicia porque se negou a recibir ao Comité de Empresa. A dirección do grupo Isolux-Corsam expuxo o día 4 de febreiro un novo ERE no que se solicita a extinción de contratos para 86 dos traballadores e traballadoras da factoría de Coirós, e regulación temporal para 140 máis. De ser aprobado, ademais de botar aos 86 traballadores, faría que 140 entrarían 22 meses na regulación de emprego.

Agora coa presentación deste terceiro ERE agrávase a situación que xa viña arrastrando os traballadores e traballadoras desta empresa, e dicía que o 4 de febreiro o Comité de Empresa solicitou unha reunión co conselleiro de Economía e Industria e coa conselleira de Traballo, sen que a día de hoxe nos conste, -non sei se neste período, uns días despois de que o Comité de Empresa se entrevistou co presidente, pero entendo que non-, fosen recibidos por el.

Esta situación non só afecta a postos directos, senón que afecta tamén a postos indirectos, a subcontratas que afectan a pintores, a cociñeiros, a cociñeiras, a limpadores, limpadoras, e que fan un total de case 300 persoas, 300 persoas que se estenden non só pola comarca das mariñas betanceiras, nos concellos de Betanzos, que por certo, aprobou por unanimidade o pasado martes unha moción semellante á que hoxe presentan aquí os grupos nacionalista e socialista, e aprobouse por unanimidade cos votos favorables do Grupo Popular, de aí a nosa estrañeza, o noso lamento de que non se una toda a institución para apoiar a este colectivo de traballadores, de Betanzos, de Aranga, de Coirós, de Sada, Paderne, Irixoa, Pontedeume e fóra da comarca das mariñas betanceiras, da propia Coruña e de Oleiros, entre outros concellos.

Por tanto, e ante esta destrución de emprego, os grupos que conforman o goberno provincial propóñenlle a este Pleno da Deputación a adopción de tres acordos que vou pasar a ler de forma literal:

1º.- Instar ao Goberno galego a que tome medidas para o mantemento da actividade industrial e os postos de traballo ameazados polo último ERE presentado pola dirección de EMESA.

2º.- Instar ao conselleiro de Economía e Industria, Sr. D. Javier Guerra Fernández, e á conselleira de Traballo e Benestar, Sra. D^a Beatriz Mato Otero, a recibir ao Comité de Empresa de Elaborados Metálicos EMESA e a representación sindical para valorar as medidas para o mantemento da actividade industrial e os postos de traballo.

3º.- Instar ao Goberno Galego a que desestime a solicitude do ERE formulada pola empresa Elaborados Metálicos EMESA, S.L., o pasado 4 de febreiro e a traballar para manter a actividade produtiva e o actual nivel de emprego na factoría de Coirós.

En nome dos dous grupos que conformamos o equipo de goberno solicito do Grupo Popular o seu voto favorable e que sexa unánime esta institución a que se dirixa

e a que trate de manter os postos de traballo que, neste caso, a clase traballadora, sexa de forma directa, en EMESA, ou de forma indirecta, a través de distintas contratas, pode verse avocado a unha situación de paro temporal, nun caso un ERE definitivo.

(Abandona o salón a Sra. González Cerviño).

Sra. Pérez Fernández

Bos días a todos e a todas. Acaban de quedar expostas con detalle e con minuciosidade por parte do Sr. Lagares cal é un pouco a historia que lle vén acontecendo á empresa EMESA e cal é a situación actual que, por outra banda, efectivamente, vén tamén moi detalladamente explicada na moción que se presenta e que foi tomada, digamos, tendo en conta e como base as propostas dos propios representantes dos traballadores.

Como todo isto xa quedou exposto con detalle, en nome do Grupo Provincial do BNG simplemente dous ou tres cuestións que apuntar. Primeira cuestión, que evidentemente estamos ante unha situación que non afecta só a unha localidade, e que non afecta, nin sequera, a unha comarca concreta, hai empresas como EMESA que son empresas estratéxicas para un país, como é o galego que, efectivamente, a estas alturas nas que estamos, non se pode permitir, desde logo, a destrución dun só posto de traballo máis. Efectivamente, cando en Plenos anteriores houbo intervencións respecto diso, e non é intención deste grupo reabrir debates, pero cando houbo intervencións respecto do problema da pesca no noso país, simplemente propúñanse medidas para os postos directos e indirectos que afectaban o porto da Coruña, sen ter en conta que en Galicia son moitos os portos que están afectados por esta nova imposición da Unión Europea respecto das cotas da pesca. Deixando iso de lado, e seguindo co tema no que estamos centrados quero, evidentemente, facer aínda dúas puntualizacións máis. A Sra. portavoz do Partido Popular, neste caso, adiantou a votación favorable do Partido Popular á urxencia do debate porque dixo claramente que o PP sempre está disposto a debater. Non é precisamente esa unha cuestión que se desprende dos puntos que propomos tanto o Grupo Socialista como o propio BNG como puntos de acordo da moción. Vemos, e temos no expediente que serviu de base para elaborar esta moción, que o propio conselleiro de Economía e a propia conselleira de Traballo e Benestar, ambos membros do goberno galego e do Partido Popular, non recibiron aínda, a día de hoxe, volvo tamén facer o matiz que fixo o Sr. Lagares, non sei a día de hoxe se xa se ten noticia nestes dous, tres últimos días, pero en canto entrou aquí a documentación da empresa EMESA non tiña aínda contestación para establecer ese diálogo cos representantes dos traballadores, non tiña aínda data fixada para ter unha reunión. Por tanto, hai unha contradición, hai moitas, pero hai unha contradición unha vez máis entre o que a Sra. portavoz do Partido Popular acaba de dicir respecto de que está disposto o PP sempre a debater e que logo quen teñen as competencias e os medios para recibir aos representantes dos traballadores, nun caso como é este, que debese de ser coa máxima urxencia e coa máxima brevidade posible, non se producise aínda.

(Abandona o salón o Sr. Traba Fernández).

Hai, desde logo, nos puntos tamén de acordo da moción, no primeiro, que a min me parece case o máis importante, que é o de instar ao Goberno galego a que tome medidas para o mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo ameazados polo último ERE presentado pola dirección de EMESA porque, como vimos tamén no expediente, non é o primeiro ERE, senón que é o terceiro, e a Xunta de Galicia, digamos, e por dicilo dunha maneira absolutamente educada, digamos que non vén reaccionando co tempo e coa rigorosidade que se lle debería supor nestes casos.

E, por último, cando nos referimos tamén no punto da moción a instar o Goberno galego a que desestime a solicitude de ERE formulado pola empresa é, entre outras cuestións, porque a propia dirección da empresa nin sequera achegou a documentación obrigatoria para a tramitación administrativa do ERE, o que nos leva a pensar que, ou as cousas se presentan como se teñen que presentar, e vistos os antecedentes neste caso concreto dos dous ERES anteriores, os desacordos e incumprimentos por parte da dirección da empresa, entendemos que as consellerías implicadas deberían de analizar moito esta cuestión. En todo caso, ao que non nos podemos sumar, de ningunha das maneiras, é a outra das cuestións que expuña a portavoz do Partido Popular na súa intervención sobre a urxencia, dixo case textualmente que habería que traer a esta institución máis ERES de máis empresas para que se puidesen debater, oxalá –iso foi o que dixo vostede, en todo caso supoño que os equipos de gravación terano así rexistrado, porque eu anoteino textualmente-, oxalá non tivéssemos que traer a esta institución, nin a ningunha, ningún ERE, porque por desgraza nos últimos anos, e centrándonos mesmo nos últimos meses, están a producirse demasiados ERES e, baixo o noso punto de vista, baixo o punto de vista do Grupo Nacionalista, mesmo a Xunta de Galicia digamos que está a tramitar ERES con bastante rapidez, non a mesma rapidez que dedica a solucionar precisamente e a liquidar algo sobre o que si ten competencia, que é o emprego.

Por tanto, o apoio absoluto e total aos traballadores da empresa EMESA e desexar, xa por último, que non se chegue a producir este terceiro ERE, mesmo que se solucionen todos os problemas pendentes e os incumprimentos da empresa dos ERES anteriores, e que a administración autonómica cumpra co que ten que cumprir e cando menos, reciba aos representantes dos traballadores. Grazas.

Sra. González Vázquez

A cuestión é, a que traen a Pleno, é unha moción, non o que dixo a portavoz, en calquera caso, dixeran que por desgraza de traer este ERE habería que traer, ou quizá haxa que traer máis ERES, por desgraza, evidentemente non é algo do que me alegro.

Vostedes encántalles facer dos ERES, demonizalos, facer unha traxedia, que o é no sentido laboral, pero o ERE é un recurso ao que se recorre en determinados momentos para salvar empresas, de feito o 99% dos ERES do ano pasado non acabaron en suspensión, só 2 dos trescentos oitenta e pico, entón, non imos demonizar as cousas,

imos darlles os xustos termos ás palabras, tanto miñas como portavoz, como a súa moción, e entremos niso.

Ben, evidentemente eu non vou dicir o que significa a empresa EMESA, xa o dixo o portavoz do Grupo Socialista e vostede mesma, a portavoz do BNG, e non quero alargarme nisto, si que vou ir punto por punto.

O punto primeiro di que o Goberno galego, dicirlle, vén traballando para que as empresas galegas non teñan que recorrer a este tipo de medidas, e está aberto a todo tipo de reunións e acordos, como o demostrou nas distintas reunións que tivo os membros do Comité de Empresa co IGAPE e coa Dirección Xeral de Relacións Laborais, esta última o pasado 23 deste mes.

A Xunta está disposta desde o IGAPE a axudar ás empresas para situacións determinadas con créditos circulantes, sabemos que iso existe, pero debe de ser a propia empresa, e ata agora a empresa non pediu, non pode a Xunta tomar unha decisión sobre unha empresa cando non se presentou alí a empresa a pedilo. O debate non é só este ERE, por iso dicíalle eu, o debate está na profunda crise admitida agora, cando en 2006 foi desatendida polo Goberno socialista, e nos 96.000 parados que hai na provincia. A actividade industrial no caso de EMESA mantense ou non, se a empresa, como empresa, toma as medidas oportunas, e o que facía con este ERE era xustificar por circunstancias de produción e admitido pola inspección de Traballo que a empresa tiña problemas de produción, é dicir, a empresa manterá a empresa, pedirá no IGAPE ou en calquera outra das consellerías o que necesite para seguir manténdose, pero non é a Xunta unilateralmente a que ten que tomar esa decisión. Punto primeiro.

Punto segundo, calquera membro do Goberno galego está disposto a traballar polas empresas e por Galicia, e así o demostra no día a día desde que tomou posesión este novo Goberno. Tanto a Consellería de Traballo e Benestar, como o conselleiro, e pódoo anunciar aquí, de Economía e Industria, están dispostos a recibir a quen queira achegar solucións, pero a empresa non pediu ningunha entrevista, a empresa, pediuno o Comité de Empresa, e así se puido recibir ao Comité de Empresa, como dixeran antes, no IGAPE e en Relacións Laborais.

Imos co terceiro punto, pensamos que para poder ser aprobado polo Grupo Popular debe cambiar o seu enunciado, xa que o Goberno galego non é quen para desestimar unha solicitude de ERE que cumpra a normativa vixente, por certo, normativa estatal, e ata agora a inspección de traballo admitiunos no seu informe e considera que si existen causas para a aprobación do ERE. Neste momento a Xunta, evidentemente, está a revisar con absoluta exquize todos os ERES, que son uns cantos por desgraza, e segundo os informes preceptivos tomarán a resolución adecuada, pero á vista dos informes, a Xunta non é quen para desestimar algo que veña cumprindo normativa, non veñan confundir, non confundan e non se confundan porque isto pode traer outras consecuencias. Debemos comprender que un ERE non é un fin en si mesmo, senón que é unha actuación para manter a viabilidade da empresa e para preservar o maior número de postos de traballo. Un ERE é un mecanismo con

normativa estatal, non é normativa autonómica, cuns criterios obxectivos, que veñen dados polo Estado.

Por tanto, para o Grupo Popular é imposible neste momento asumir a desestimación de algo se cumpre normativa, están vostedes votando, e fíxense ben o que lles digo, unha prevaricación, e nós non imos votar a favor, quen somos para dicir que non a desestimar algo que cumpre a normativa, nin este mesmo Pleno. Este Pleno debe reconsiderar este punto terceiro, xa que os ERES son situacións duras para os traballadores, pero legais, e aínda que no 2010 a cifra na nosa provincia foi de 352, no 2009 foi de 440, con máis dun 60% herdados do goberno bipartito, cambiemos nese punto terceiro a palabra desestimación, a Xunta vai revisar, como fai con todos os ERES exquisitamente todos os informes, e tomará a medida máis oportuna, evidentemente sempre a favor de que os traballadores sigan traballando, pero situemos as cousas na súa xusta medida.

Sr. Lagares Pérez

Moitas grazas, Sr. presidente, si sabemos que os expedientes de regulación de emprego, efectivamente, son de normativa estatal e de cumprimento e de aplicación nas comunidades autónomas correspondentes, neste caso na consellería onde ten tamén depositadas as políticas de emprego, que nestes días hai un debate onde parece coma se o desemprego, que é o factor negativo que arrastra esta crise económica, que é o factor principal, fora unha cousa da administración do goberno central, non, é cousa de todos, señores do Partido Popular, é cousa de todos, non é soamente a administración central, é cousa das institucións, é cousa da parte social, os empresarios e os traballadores e é cousa de ter sentido de receptividade, e esta moción, no seu punto segundo fábase de que os traballadores sexan recibidos por dous conselleiros, pois iso é moi sinxelo, sentan a falar e discútese se este expediente de regulación de emprego que segundo os xuristas cos que tiveron ocasión de falar, tanto co Comité de Empresa como en nome do grupo socialista, entendemos que este ERE non é regular, de aí o punto terceiro, isto é o que se entende, hai unhas apreciacións, a obxectividade é unha cousa que hai que buscar, e como se busca a obxectividade?, pois iso, recibindo, dialogando e acordando, e logo explicar aos traballadores, porque fixémonos nunha cousa, hai 86 traballadores que van directamente ao paro, e hai 140 que pasan a un ERE temporal, pero é que é o terceiro ERE e, por desgraza, o que estou a ver é que non se pode seguir a política de parches, de compadreo e de falta de rigor, e que eu creo que neste momento os traballadores, directos e indirectos de EMESA van sufrir algo que é unha vara de medir distinta a outras entidades.

Por tanto, primeiro, o Grupo Socialista estima que a moción debe de quedar tal e como está, dicir que a clase traballadora neste caso, afectada directamente, e que afecta non soamente á comarca onde eu vivo, fago a miña vida, senón que afecta indirectamente a outros postos de traballo que van repercutir na nova carga de paro, é dicir, que as políticas de emprego non nos esquezamos que son da comunidade autónoma, que están transferidas a esta, que o desemprego é cousa de todas as institucións, de todos os colectivos e da parte social, incluída esta casa, a Deputación.

Falabamos no debate orzamentario da necesidade de investimentos produtivos para xerar postos de traballo. Por tanto, coidado con botar tantos balóns fóra e coidado con estes parcheos e estes compadrees.

Nada máis, apoiamos aos traballadores de EMESA, que teñen os postos directos e indirectos, e aos que teñen os postos de forma indirecta, e desexamos que este ERE, de normativa estatal, pero de aplicación autonómica, sexa rexeitado pola consellería correspondente. Moitas grazas.

Sra. Pérez Fernández

Moi brevemente. O discurso que acabamos de escoitar por parte da representante do Partido Popular non responde a outra cousa que non sexa o discurso ao que, nos últimos tempos, por non irmos máis atrás, ao que no último ano nos ten afeitados calquera representante do Partido Popular en calquera administración. Se se estiman ou se desestiman ERES é porque hai unha lexislación estatal e, por tanto, a culpa e a responsabilidade é da lexislación estatal pero, ademais diso, é dicir, responsabilidade neste caso do Estado, ademais diso resulta que, segundo vostede, hai un número que creo que cifrou, non recordo porque non o anotei, que cifrou en catrocentos ou catrocentos e pico, de ERES que proveñen do bipartito, é dicir, por unha banda está o Estado e polo outro o bipartito e o Partido Popular, evidentemente, como Pilatos, sempre lava as mans, exactamente igual que Pilatos, claro, a estas alturas comprenderá, Sra. González, que ese discurso e coa que está a caer no noso país xa non vai a ningún sitio.

Acáballo de dicir o Sr. representante do Partido Socialista e eu voulo repetir, non é nin a primeira, nin a segunda, nin a terceira, nin a enésima vez que, en concreto vostede mesma, o Partido Popular, pero vostede mesma, trouxo a este Pleno e a este foro propostas para que a Deputación tomase medidas respecto do emprego na provincia porque, efectivamente, vostede considera e todos consideramos que o desemprego na provincia e no país, vólvello repetir, é moi alto, e non é a primeira vez que vostede trae aquí propostas como se a Deputación tivese algún tipo de competencia sobre o emprego no noso país ou na provincia. Vostedes traen as propostas precisamente a unha institución que non ten competencias e, a pesar de non ter competencias, efectivamente agora púñaselle o exemplo dos últimos Orzamentos, pero podemos pórllle o exemplo dos Orzamentos dos últimos catro anos, se vostedes queren, ben, traen as propostas aquí para creación de emprego a unha institución, volvo repetir, que non ten ningún tipo de competencia e a pesar diso faino, pero parece que a Xunta de Galicia, que ten a competencia exclusiva en políticas activas de emprego, parece que queda exenta absolutamente de todos os problemas de desemprego que temos neste país. Claro, como comprenderá ese discurso, efectivamente, a estas alturas xa non é de recibo.

O terceiro punto que vostedes din que non poderían admitir tal cal como vén redactado porque se insta ao Goberno galego a que desestime a solución do ERE, vostede alude ao que acabo de dicir, que é a que iso ten unha regulación estatal.

Efectivamente, pero eu díxenlle tamén na miña primeira intervención, e por iso este terceiro punto está redactado así, que a dirección da empresa nin sequera achegou a documentación obrigatoria para a tramitación administrativa do ERE co cal por iso se pide a desestimación, porque non está completo, entre outras cuestións. Claro, o que si xa non ten ningunha explicación, nin ningunha solidez argumental é que teñan algún problema co punto segundo. Efectivamente, din vostedes que as reunións e que as peticións as ten que facer a dirección de empresa, claro, nunha situación dunha empresa e dun Comité de Empresa e duns traballadores que sabemos que están a ter conflitos coa propia dirección da empresa. Entón, o mínimo é que os conselleiros do ramo, Sr. conselleiro de Industria e Sra. conselleira de Traballo, cando menos, aínda que só fora por cortesía, como se debe facer nestes casos, reciba aos representantes deses traballadores. Desde logo, non é fácil ter que escoitalle ao presidente da Xunta día si e día tamén que non é recibido por parte do Goberno do Estado, e non vou ser eu quen defenda ao Goberno do Estado neste caso, pero non é fácil ter que escoitalle todos os días en plan vitimista que ninguén o recibe, que ninguén vén aquí, que estamos abandonados, que todo vai para outras comunidades autónomas, e que logo haxa conselleiros de nosa propia comunidade autónoma que tampouco reciben á parte máis débil da parte contratante, que diría, que son os traballadores.

Desde logo, nós reafirmámonos nos puntos que se propoñen na moción e oxalá sirva esta pequena contribución neste caso maioritaria da Corporación da Deputación para que, cando menos, se reciba aos representantes dos traballadores e, efectivamente, se se herdaron tantos ERES do bipartito será, en todo caso párese a pensar, porque o bipartito tampouco os aprobaba tan alegremente e quizá agora esa é a demostración de que agora están a saír ERES, perdóenme a expresión, como churros.

Sra. González Vázquez

Eu tento que a Sra. López non faga un debate comigo, que sexa capaz de saír das miñas palabras e, se algunhas non son as acertadas, efectivamente, as actas o dirán, pero as palabras son as que son e as que están escritas, e o que está escrito di que desestime. Se vostede sabe que ese expediente está mal feito, xa desde hoxe sabe que a empresa non presentou o que tiña que presentar, non se preocupe, a Xunta desestimarao, se vostede xa o sabe, iso por unha banda.

Por outra, desde que me sentei, efectivamente, fixo vostede un recoñecemento e agradézollo, como deputada provincial, á miña sensibilidade polos temas de paro, pero entre outras cousas porque eu sento ás oito e cuarto todos os días nunha Oficina de Emprego a atender parados, entón sei do que estou a falar, non terei moitas capacidades pero en 21 anos estou a ver emprego e desemprego.

Sentei neste escano e pedín, entre outras cousas, a este Pleno que se mellorase a páxina de emprego da Deputación e non se fixo nada nos últimos dous anos, pedín, como vostede di, efectivamente, temas de emprego, e desde a Presidencia díxoseme que non eran competencias desta Deputación, e hoxe valem todos para o emprego, o Sr. Lagares acábao de dicir, todos estamos implicados no tema de emprego, revise as

actas e eu díxeno desde o primeiro día en que sentei neste escano, todos temos que arrimar o ombreiro no tema de emprego, agora parece que empezan a ver ese todos. Isto é moi serio e moi grave, este ERE e todos os ERES, desestimárase aquilo que obxectivamente e coa normativa, haxa que desestimar. Nós hoxe non nos prestamos a aprobar algo que dicimos nós a priori que hai que desestimalo, non, xa o desestimarán quen teña que desestimalo.

Sr. Lagares, é moi grave o que di, é moi grave cando di que utilizamos varas de medir na administración autonómica diferentes, iso, se vostede ten esa comprobación, ten que ir ao Xulgado a dicilo, pero non pode deixar no aire, ante traballadores, que existen varas de medir, porque os traballadores e desempregados, por desgraza neste país son traballadores os que traballan e desempregados os que non traballan, e hainos con prestación e sen prestación, e hainos tentando sacar adiante unha familia con cero prestacións sociais, e o paro, efectivamente, hai unhas políticas activas de desemprego que leva a comunidade autónoma, pero vén de onde vén, da mala xestión económica desde o ano 2007. No ano 2006 o Banco de España dille ao Sr. Zapatero o que pasa en España e Zapatero di que non sabe, non contesta, e agora estamos a arrastrar todos estes ERES e todas estas situacións de desemprego, entón é moi grave falar de dúas varas de medir, a vara de medir é o sufrimento de cada desempregado. Moitas grazas.

Sr. presidente

Quixera dicir algo tamén neste debate. En épocas de crise sempre sabemos, hai empresarios bos e empresarios malos, a maior parte dos empresarios son bos empresarios que arriscan o seu diñeiro para crear riqueza, para crear emprego, hai bos traballadores, hai malos traballadores e malos empresarios, como en todas as cousas, e en épocas de crise sempre pode ter a tentación de limpar balances, presentando situacións concursais e limpar cadros de persoal presentando ERES non xustificados.

Eu expóñolle despois da intervención, de escoitala atentamente, Sra. González, expóñolle a posibilidade, se vostedes queren, de dividir a votación, votar separadamente os puntos, porque vostede parece que está de acordo e di que a Xunta de Galicia está aberta a todo tipo de acordos e reunións, e aquí estamos fundamentalmente, nesta moción, fundamentalmente, pedíndolle á Xunta de Galicia que abra un diálogo co Comité de Empresa de EMESA e pedímoslle que abra un diálogo por unha razón simple, porque é o terceiro ERE, e polo que aquí se pon de manifesto, os acordos pactados entre a parte empresarial e a parte laboral no primeiro ERE non se cumpriron. O segundo ERE aprobouse sen acordo coa parte laboral e parece ser que se expón outro ERE sen coñecemento do Comité de Empresa. Entón, o que se lle pide á Xunta de Galicia é, fundamentalmente, que abra vías de diálogo para que os traballadores poidan facer chegar ás persoas que teñen que tomar decisións, cal é a súa opinión sobre a situación da empresa e cal é a súa opinión sobre os ERES. Entón, acolléndome á súa intervención, porque vostede parece que o punto número 2 non ten inconveniente, e o 1, eu se lle parece ben presentaríamos a votación dos puntos separados, porque así dámoslle a oportunidade de votar favorablemente tamén algún punto. Parécelles ben que sometamos a votación separadamente os puntos?

Sométense a votación os puntos 1 e 2 e son aprobados por unanimidade dos presentes.

A seguir sométese a votación o punto 3:

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (10 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: 11 deputados (10 do PP e 1 deputado non adscrito)

Abstéñense: 2 deputados (1 do PSOE e 1 do PP, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no momento da votación – art. 74.1 do Regulamento orgánico)

MOCIÓN QUE PRESENTAN OS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, RELATIVA Á SITUACIÓN LABORAL DOS TRABALLADORES DE ELABORADOS METÁLICOS “EMESA”

Elaborados Metálicos EMESA é unha empresa afincada no Polígono Industrial de Coirós e pertence ao grupo Isolux Corsán.

EMESA naceu na cidade da Coruña hai máis de 50 anos e, dende entón, adícase á fabricación de estruturas metálicas tanto soldadas como aparafusadas. Entre os seus traballos están a Ponte de Rande en Vigo, o Turning Torso, edificio emblemático en Suecia, a estación intermodal de Liexa, en Bélxica, algúns dos edificios da Cidade das Artes de Valencia, a estación da Zona Cero de Nova York, e un largo etc..., de obras emblemáticas a nivel mundial.

Dende o mes de novembro de 2009, esta empresa leva pasados dous ERE temporais que tiveron a máis de 250 traballadores e traballadoras, tanto da propia EMESA como das empresas que nela traballan, no paro.

Neste mes de marzo cúmprense 16 meses nesa situación de regulamento, sen que o grupo Isolux Corsán se interesara pola situación dos traballadores e traballadoras desta empresa que, despois de ter reclamado en numerosas ocasións reunións coa dirección do grupo en Madrid, non recibiron resposta ningunha.

A dirección do grupo Isolux Corsán presentou o día 4 de febreiro un ERE no que solicita a extinción de contratos para 86 dos traballadores e traballadoras da factoría de Coirós, e regulamento temporal para 140 máis que, de ser aprobado, ademais de botar a 86 traballadores, faría que 140 entraran en 22 meses de regulamento de emprego.

É coñecido pola súa saída nos medios o enfrontamento que os traballadores e traballadoras de EMESA manteñen co grupo Isolux Corsán por temas como as rotacións equitativas, as prexubilacións e os continuos incumprimentos denunciados polo Comité de Empresa do acordo ao que chegaran Dirección e Representación dos traballadores no primeiro ERE, tamén é coñecida a falla de acordo no segundo ERE, falla de acordo que se solucionou coa aprobación da Xunta de Galicia deste, e a aplicación das condicións do primeiro acordo.

Agora coa presentación deste terceiro ERE agrávase a situación dos traballadores/as da empresa, que ven como día a día esgotan o paro e que perden poder adquisitivo ao levar máis de seis meses de paro e, como nalgúns casos, se quedaron sen prestación por desemprego despois de esgotala perante o primeiro ERE por non ter rotado o cadro de persoal de forma equitativa.

O Comité de Empresa leva dicindo dende o principio do primeiro ERE que non ten información real sobre os traballos aos que opta EMESA, así como que o grupo Isolux Corsán non está a levar traballo para a factoría de Coirós, a pesar de ser unha das maiores concesionarias de obra pública do estado, e de ter a súa actividade comercial de construción expandida por países como India, Brasil, etc..., con autoestradas, tren e outras infraestruturas.

Así mesmo, o Comité de Empresa ten solicitada dende o pasado venres día 4 de febreiro, unha reunión co conselleiro de Economía e Industria e coa conselleira de Traballo, sen que no día de hoxe teñan dado resposta ningunha, a pesar da gravidade da situación e do número de despedimentos que a empresa pretende levar adiante.

Esta situación non só afecta aos traballadores/as directos da empresa, senón tamén as subcontratas que alí desenvolven o seu traballo: pintores/as, cocíñeiros/as, persoal de limpeza, etc..., que fan un total de case 300 persoas, 300 familias de concellos como A Coruña, Betanzos, Oleiros, Aranga, Sada, Coirós, Paderne, Irixoa, Pontedeume, Miño, Oza dos Ríos...

Na situación actual de crise, despois de dous ERE consecutivos e de non ter cumprido, segundo o Comité de Empresa, os acordos entre dirección e traballadores, non se entende que se poida aprobar ningún dos dous ERE presentados se non é cun acordo entre o Comité de Empresa e a dirección da empresa.

Ante a importante destrución de empregos tanto directos como indirectos na nosa provincia, os grupos políticos provinciais da Deputación da Coruña, propoñen para o seu debate e aprobación en pleno a seguinte **MOCIÓN**:

1º.- Instar o Goberno galego a que tome medidas para o mantemento da actividade industrial e os postos de traballo ameazados polo último ERE presentado pola dirección de EMESA.

2º.- Instar o conselleiro de Economía e Industria, Sr. D. Javier Guerra Fernández, e a conselleira de Traballo e Benestar, Sra. D^a Beatriz Mato Otero, a recibir o Comité de Empresa de Elaborados Metálicos EMESA e a representación sindical para valorar as medidas para o mantemento da actividade industrial e os postos de traballo.

3º.- Instar o Goberno Galego a que desestime a solicitude de ERE formulada pola empresa Elaborados Metálicos EMESA, S.L., o pasado 4 de febreiro e a traballar para manter a actividade produtiva e o actual nivel de emprego na factoría de Coirós.”

Sr. presidente

Mandaremos unha certificación á Xunta de Galicia, á súa Presidencia, ao conselleiro de Economía e Industria e á conselleira de Traballo e Benestar Social, dándolle conta de que esta moción foi aprobada polo Pleno da Deputación provincial integramente aprobada nos seus puntos polo Pleno, porque se aprobou por maioría, ao que votou tamén o Partido Popular no punto 1 e no punto 2.

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. González Vázquez

Simplemente, a palabra Iorke, Nova Iorke, consultadas dez persoas que traballan en normativización lingüística, oito non coñecían esa palabra e 2 dicían que tiña que ser con q de queixo, Nova Iorke creo que aparece un pouco desfigurada como toponimia, pero ben.

Sr. presidente

Se hai que corrixila, que a corrixan, pero en calquera caso isto non afecta á parte dispositiva, e o importante da moción é a parte dispositiva.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.